



Lista vermella de Greenpeace de especies pesqueiras

outubro 2008



Atun

(*Thunnus obesus*, *Thunnus thynnus*, *Thunnus maccoyii*, *Thunnus albacares*, *Thunnus alalunga*)



Bacallao do Atlantico

(*Gadus morhua*)



Fretan do Atlantico

(*Hippoglossus hippoglossus*)



Fretan negro

(*Reinhardtius hippoglossoides*)



Fretan negro

(*Sebastes marinus*, *Sebastes mentella*, *Sebastes fasciatus*)



Langostinos

(*Parapenaeus longirostris*, *Metapenaeus monoceros*, *Litopenaeus vannamei*, *Penaeus monodon*)



Linguado

(*Solea solea*)



Mantas e raias

(*Dipturus batis*, *Dipturus laevis*, *Rostroraja alba*, *Atlantoraja castelnaui*, *Leucoraja melitensis*)



Pescada

(*Merluccius merluccius*, *Merluccius australis*, *Merluccius hubbsi*, *Merluccius capensis*, *Merluccius paradoxus*)



Peixe espada

(*Xiphias gladius*)



Pescada negra/ bacallao de profundidade

(*Dissostichus eleginoides*)



Solla

(*Hippoglossoides platessoides*)



Peixes sapos

(*Lophius americanus*, *Lophius piscatorius*, *Lophius budegassa*)



Tiburóns

(*Galeorhinus galeus*, *Isurus oxyrinchus*, *Prionace glauca*, *Squalus acanthias*)

Salmon do atlantico

(*Salmo salar*)

Os océanos están en crise

- 3/4 dos stocks pesqueiros mundiais están totalmente explotados ou sobreexplotados;
- 88% das poboacións da Unión Europea son vítimas da sobrepesca, fronte a unha media mundial do 25%;
- 90% das poboacións de grandes predadores a nivel global como atún, bacallao e peixe espada desapareceu, principalmente pola sobrepesca;
- só o 1% dos océanos e mares do planeta están protexidos. Unha porcentaxe moi baixa se se compara co 12% de protección na terra.



Os supermercados son cómplices da destrución

Os supermercados teñen un gran poder nas súas mans:

- case o 70% do peixe consumido en España é adquirido nas grandes superficies;
- o consumo medio de peixe en España é de case 40 kg por persoa e ano.

Polo tanto, Greenpeace considera que os supermercados teñen a responsabilidade de desenvolver políticas de compra que garantan a sustentabilidade dos produtos pesqueiros que ofrecen aos consumidores.

Só así, a saúde dos mares e océanos estará garantida



Que pide Greenpeace aos supermercados

- que desenvolvan unha política de compra sostible de produtos pesqueiros;
- que deixen de vender as especies desta lista vermella, pois están ameazadas de extinción ou son capturadas con métodos moi destrutivos para o ecosistema mariño;
- que aumenten a oferta de produtos pesqueiros con garantía de proceder dunha xestión sostible dos recursos;
- que traballen cos seus provedores para conseguir finalmente que todos os seus produtos sexan sostibles.

Que podes facer ti

Os supermercados teñen toda a responsabilidade sobre os produtos que venden. Pídelles que desenvolvan unha política de compra sostible como solución ao problema dos océanos. Como consumidor/a tes dereito a elixir aqueles produtos que teñan unha orixe sostible.

Esixe aos supermercados que desenvolvan estas políticas de compra sostible de produtos pesqueiros, do mesmo xeito que xa contan con produtos de comercio xusto nas súas estanterías.

¡Escolle ben o teu peixe, non mordas o anzó!

Fíxache ben

-Cal é o nome e onde foi capturado?

Asegurate de que o peixe que estás comprando estea ben etiquetado e que aparecen tanto o seu nome común coma o científico. Non consumas especies da nosa lista vermella se non está garantido unha orixe sostible.



- Cal é o método de pesca?

Non consumas especies capturadas con métodos destrutivos. A pesca de arrastre, cun gran impacto no ecosistema mariño, captura de forma accidental un gran número doutras especies. Consume aquelas capturadas con métodos selectivos, como trampas ou nasas e liñas de anzó.